

*Regulamento de Réxime
Interno da Comisión de
Calidade da Facultade de
Bioloxía*

*Aprobado na Comisión de Calidade
21 maio 2015*



Centro certificado
FIDES-AUDIT

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE BIOLOXÍA

ÍNDICE

1. OBXECTO
2. ÁMBITO DE APLICACIÓN
3. DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA
4. DESENVOLVEMENTO

1. OBXECTO

O obxecto do presente documento é establecer o regulamento e as funcións da Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Todas as titulacións (Grao, Máster) que se imparten na Facultade de Bioloxía.

3. DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA

- Estatutos e Regulamentos Xerais da Universidade de Vigo.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Bioloxía.
- Manual de Calidade da Facultade de Bioloxía.

4. DESENVOLVEMENTO

4.1. A Comisión de Calidade

A Comisión de Calidade (CC), tamén denominada Comisión de Garantía Interna de Calidade, é un órgano colexiado do centro. As persoas que integran a Comisión de Calidade son elementos craves no desenvolvemento dos programas relativos ao Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Bioloxía. Ademais da súa participación activa nas funcións específicas da Comisión, deben ser axentes dinamizadores da xestión de Calidade no centro. Por iso, a Comisión de Calidade ha de ter representación adecuada dos distintos grupos de interese e das persoas implicadas na actividade docente das titulacións do centro.

4.2. As funcións da Comisión de Calidade

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Debater e validar si procede a proposta da política e os obxectivos de calidade.
- Debater e validar si procede a proposta do Manual de calidade e os procedementos do SGIC da Facultade de Bioloxía.

- Realizar o seguimento dos distintos programas ligados á mellora da calidade no centro e titulacións adscritas, así como propoñer as melloras pertinentes.
- Colaborar coa implantación, desenvolvemento e seguimento do SGIC.
- Debater, propoñer e realizar o seguimento das accións de mellora de calidade, co fin de potenciar continuamente a calidade da docencia en todos os medios e procesos que nela inflúen, mediante unha colaboración constante cos departamentos e outros órganos colexiados que teñan responsabilidades neste ámbito.
- Participar activamente en todos aqueles procesos académicos relativos á oferta formativa da Facultade de Bioloxía (novas titulacións, modificación e/o suspensión ou extinción das existentes), elaborando un informe valorativo se o consideran oportuno, ou é procedente de acordo coa normativa vixente.
- Intercambiar, debater e propoñer a participación do centro en plans institucionais, nacionais e internacionais en materia de calidade.

4.2. A composición da Comisión de Calidade

De acordo cos estatutos da Universidade de Vigo e co Manual de Calidade, a composición da Comisión de Calidade debe ser equilibrada entre mulleres e homes, correspondendo á dirección do centro velar por este principio.

A comisión ha de estar integrada, polo menos, polos/as seguintes membros:

- Director/a ou decano/a do centro, o membro do Equipo directivo en quen delegue, que presidirá a Comisión.
- Coordinador/a de calidade, que actúa como secretario/a da comisión. Preferiblemente, aínda que non obrigatoriamente, será un membro do equipo directivo do centro.
- Coordinador/a, ou PDI en quen delegue, da titulación de grao do centro.
- Coordinador/a, ou PDI en quen delegue, de cada unha das titulacións de máster do centro.
- Enlace de Igualdade.
- Un/unha representante do profesorado do centro.
- Un/unha representante do alumnado.
- Un/unha representante do alumnado egresado.
- Administrador/a do centro ou persoa en quen delegue.
- Un/unha representante da sociedade.

A proposta da composición da Comisión de Calidade será presentada polo/a Decano/a á Xunta de Facultade para a súa aprobación. En dita proposta poderá incluír tantas persoas representantes dos distintos sectores (PDI, Alumnado, Egresados, PAS, etc.) como estime conveniente a fin de facilitar a máxima participación dos grupos de interese.

Tamén poderán participar nas reunións da Comisión de Calidade outras persoas, particularmente persoal técnico de calidade, responsables dos procesos (segundo o establecido en cada procedemento) u outros membros das titulacións do centro (PDI, alumnos, PAS), cando o seu asesoramento ou participación se estimen oportunos e así se faga constar na convocatoria. En todo caso, a súa participación nas reunións será con voz pero sen voto.

A renovación da Comisión de Calidade se levará a cabo por acordo da Xunta de Facultade e a proposta do/a Decano/a. En calquera caso, se procederá a súa actualización sempre que exista cambio no equipo decanal e/ou modificación nos representantes dos distintos grupos que a forman (PDI, alumnos, PAS, etc.).

4.3. As reunións da Comisión de Calidade

As reunións da Comisión de Calidade serán convocadas polo/la Secretario/a da mesma por orde do/a Presidente/a da Comisión. Se reunirá con unha periodicidade de polo menos dúas veces ao ano. Así mesmo se poderá reunir de forma extraordinaria cando o seu Presidente/a o propoña, ben por iniciativa propia ou a instancia da Xunta de Facultade, así como cando o solicite o 40 % dos seus membros. Neste caso, a solicitude debería ir acompañada dunha exposición de motivos que a xustifiquen e no debe mediar un prazo superior a quince días entre a petición e a celebración.

4.3.1. As convocatorias e o quorum

As convocatorias das reunións da CC realizaranse mediante comunicado dirixido por carta ou, preferiblemente, por correo electrónico a todos os membros da Comisión. O comunicado enviarase como mínimo con 48 horas de antelación e nel constará o día, hora e lugar da reunión. Así mesmo se incluírá a orde do día cos temas que se van a tratar, que sempre contará con unha aprobación ou modificación das actas de reunións anteriores pendentes de aprobación e un punto de rogos e preguntas.

A Comisión constituirase de forma válida en primeira convocatoria coa maioría absoluta dos seus membros, ou en segunda convocatoria, que celebrárase 15 minutos despois, cando asistan polo menos a terceira parte, calculada por exceso, dos seus membros, excluídos do cómputo os que xustifiquen súa inasistencia.

Corresponde ao/a Presidente/a, ou persoa que lle substitúa, presidir as sesións e moderar os debates, procurando que todos os asistentes con voz poidan expor adecuadamente as súas opinións, sen afectar á necesaria axilidade no desenvolvemento das sesións.

4.3.2. A toma de decisións e a xestión de acordos

As decisións da Comisión tomaranse por maioría simple dos asistentes a cada reunión; en caso de empate terase en conta o voto de calidade do presidente. As votacións poden ser por asentimento con unha proposta formulada, públicas a man alzada, ou secretas cando o solicite algún membro presente, e sempre que a votación afecte a persoas concretas.

O/a presidente ou persoa en quen delegue realizará os labores de xestión das decisións adoptadas no seo da Comisión e encargárase de levar a cabo os procesos rutineiros que faciliten o desenvolvemento das actividades acordadas para o desempeño do SGIC.

4.3.3. As actas de reunión

O/a Secretario/a da Comisión levantará unha acta de cada reunión que será enviada vía electrónica a todos os membros da Comisión para súa aprobación na seguinte reunión. Unha vez aprobada a acta poderá ser publicada na web do centro de modo que estea dispoñible para todos os seus membros. Na acta da reunión figurarán obrigatoriamente: a data, os temas tratados, os acordos alcanzados, indicando o resultado das votacións realizadas si fose o caso, os membros da CC que asistiron á reunión, así como as ausencias xustificadas.

As actas serán asinadas polo/a secretario/a da Comisión có visto e praxe do/a Presidente/a.

4.4. Aprobación e reforma do regulamento

A aprobación do regulamento e das funcións da Comisión de Calidade será responsabilidade da Xunta de Facultade. O regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa aprobación en Xunta de Facultade.

A iniciativa para reformar o presente regulamento corresponde ao/á Presidente/a da Comisión de Calidade, ou cando esta sexa solicitada polo menos o 30 % dos seus membros. As propostas de reforma serán comunicadas ao/á Decano/a da Facultade e deberán ir acompañadas dun texto que argumente a devandita reforma.